

Roberto González Fernández

CONTROL: RELIXIÓN

Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos)



MEMORIA PARA LÚA LIBERTARIA

*Para a miña filla Lúa,
que medra coa memoria do ben para ser libre.*

As Olgas

Miña mai e mais eu levamos un nome ruso, coma unha matrioshka de múltiples estratos da memoria, que se apertan no círculo e se protexen no amor concéntrico. O meu avó materno deixou a porta aberta do seu batán no monte para os fuxidos, polo que as irmás do cura de Saá o ameazaron de morte. Aquela morte paseada no carreiro, na parede da aira, onda a estrada mesmo. Alí onde o tempo se detén: o meu avó Xosé era reloxeiro, enxeñeiro popular, arranxaba portas e caldeiros con remaches de latón sublime. Era, ante todo, unha boa persoa. E quizais por iso perigoso para o poder.

Cando estaba a morrer, no leito, tras unha vida humilde entre arandelas e parafusos fermosísimos, botou serenamente da casa o cura que lle viña dar a extrema unción. Extrema bondade. Extrema intelixencia. Extrema dignidade.

Meu avó escolleu para a súa filla e para min non o nome dunha santa senón o dunha planta que cura as mancadelas dos oleiros, o nome dunha terra especialmente fértil, pero sobre todo, un nome do leste coma a brisa do comunismo soñado e ideal. Levo o meu nome coma quen leva unha flor moi vermella no pelo.

O altar que é unha fosa común

Eu lin na misa desde os sete anos ata os dezaseis as terribles lecturas do Antigo Testamento e as non menos amargas cartas de Paulo ao Corintios, ordenando que as mulleres obedezan aos seus maridos. Aquilo nunca me gustou, e menos aínda pronunciar aquela palabra dun deus que só falaba en castelán. Ía erguidiña cara ao altar coa sinxela roupa de domingo dunha meniña de aldea, pero con dicción perfecta e un aquel dramático que lle encantaba ás vellas da parroquia.

Eu non sabía que poñía os meus pequenos pés sobre douos pobres homes asasinados en 1937 nos arredores de Castroncelos, e que foran sepultados e tapados con pólas de carballo e carrascos alí mesmo, onde eu cada domingo, pronunciaba o nome do amor, o nome da paz, e o da suprema sabedoría. Alí seguen, os defuntiños de Montefurado que endexamais regresaron ao seu lugar e a quen os amaba.

O crucifixo na escola

Cada mañá rezabamos o padrenuestro naquel grupo escolar na democracia, que aínda cheiraba a santos óleos, aos coros da Sección Feminina e cantabamos *el 13 de mayo*, e *flores a María*. Un Cristo presidía as clases de matemáticas, as de ciencias naturais, as de galego... O mestre de sociais tiña unha vara longa e un rostro moi serio que nos amedrentaba. Algunhas mestras pegábanlle aos meniños, case sempre aos das últimas filas, cheos de sono e de remendos na roupa. Tirábanlle das trenzas a aquela compañeira pobre que soñaba sobre o pupitre con, eu que sei... ter unha casa quente, que non haxa goteiras, un plátano á merenda, ou chocolate. Pero o que máis importaba era aprender a regra de tres, saber o Credo vello, a Ave, os ríos golfos cabos e reis de España desde Recesvinto polo menos, cousas imprescindibles na nosa vida, que viamos na casa como levita o pan co lévedo, como son as follas lobuladas do carballo e que a curva é a verdadeira liña da vida, que aprendemos a munguir, a sementar, a apañar patacas, a pedir colo, leite, pan. A aprender a vivir sen a escola do crucifixo.

NIN DEUS NIN AMO

Cando se Ama.

Olga Novo